"Hai quen di que é tolemia resistirse ao sistema, mas o que é tolemia é non facelo" Mumia Abu-Jamal

arredista! 20

Movemento Galego ao Socialismo 25 de xullo de 2018

www.mgs.gal

arredista!

Número 20
25 de xullo de 2018

Edita
Movemento Galego ao Socialismo

Coordenador
Óscar Valadares

Corrección lingüística
Diego Santório

Deseño e maquetación
Inácio Pavón

Local nacional
Avenida de Castelao, 30 baixo
15704 Compostela (Galiza)
www.mgs.gal
nacional@mgs.gal
facebook.com/mgsgaliza
twitter.com/mgsgaliza

Tiraxe
2000 exemplares

Permítese a reprodución total ou parcial citando a fonte

MGS
MOVEMENTO GALEGO AO SOCIALISMO

EDITORIAL

Vinte números desde que en 2009 decidimos lanzar o Arredista! Cada 1º de Maio e Día da Patria — cun especial pola Asemblea do BNG de Amio — deixamos análises, posicionamentos ou entrevistas que querían resultar úteis. Tratábase de ter un altofalante que vehiculase as nosas reflexións mais tamén de obrigarnos a lles dar forma nun mundo que vai ás carreiras, de instante en instante, e que non é moi amábel con quen queira deterse a pensar e analisar.

SUMARIO

3 OITO LECCIÓNS QUE COMPROBAMOS EN CATALUNYA **6** É O REXIME, NON O GOBERNO **8** ENTREVISTA A BEA BIEITES **12** INSTITUCIÓNS, CONTRADICIÓNS E UNHA POUCA ESPERANZA **14** REMUNICIPALIZACIÓN DE SERVIZOS: BATALLA DAS IDEAS E DOS FEITOS **16** A ARMADILLA DA RIQUEZA DEPENDENTE **18** A COMPETIÇÃO DOS GRANDES PODERES **20** ENTREVISTA A FENDA **22** RECOMENDAMOS

OITO LECCIÓNS QUE COMPROBAMOS EN CATALUNYA

Mesa Nacional do MGS

A revolución democrática catalá chegou a un punto de inflexión e de definición sobre os pasos a seguir. Sen entrar a fondo neses debates e á marxe dos acontecementos recentes, vemos preciso analizar esta experiencia en marcha e tirar conclusións que nos sirvan para avanzar no noso propio camiño de emancipación como pobo.

A implicación popular é garantía do avance do proceso

Sen negar o papel das pancas institucionais das que se dispoña, cremos que a organización social e a mobilización foron os elementos determinantes no proceso de ruptura democrática. Condicionaron e lexitimaron os avances, impediron retrocesos e protagonizaron os maiores momentos de cuestionamento do statu quo. O 1 de outubro é o mellor exemplo disto: centos de miles de persoas organizadas para defender cos seus corpos o dereito a decidir, cunha desobediencia masiva que desbordou a acción policial e posibilitou que puidesen votar máis de 2 millóns de persoas. Coa folga xeral do 3-O, foron os momentos en que o estado sofreu o maior custe e en que se deron os maiores saltos na conciencia política de amplos sectores.

Durante anos, o independentismo teceu redes sobre as que sustentaría o salto adiante dos últimos tempos. Mentres certos relatos ligan a orixe do proceso só a un conflito institucional a raiz do rexeitamento do Estatut, o certo é que non se pode comprender o vivido nestes anos ignorando o proceso de activación popular que ven de lonxe. Sen ese fermento e sen un pobo disposto ao enfrentamento democrático, de pouco tería servido o control de determinadas institucións. Durante esa toma de conciencia esfarélaronse en Cataluña os relatos que sostiñan a lexitimidade do réxime, e será difícil que a recupere unha vez demostrou que só é quen de manterse pola forza. Ese cambio cualitativo no sentir popular será determinante para as loitas que virán.

O valor da unilateralidade

Tense tentado pór o foco nun falso debate entre a vía unilateral (identificada como inviábel e antidemocrática) frente á suposta vía dialogada que tería máis lexitimidade e opcións de éxito. Porén, na práctica non existe tal escolla ante un Estado que só se sostén pola vía da coacción. Ante ese bloqueo, a vontade de diálogo só ten duas saídas: a renuncia ou o avance unilateral. A primeira, ademais de lexitimar a razón da forza, supón confundir a natureza do réxime que enfrentamos: supostamente, favorecendo a chegada ao goberno de partidos mais sensíbeis ás demandas nacionais, sería posíbel ese pacto. Esas análises obvian as blindaxes institucionais existentes e a propria natureza do estado: o conflicto non é só cun goberno, senón cun réxime herdeiro do franquismo e explicitamente deseñado para impedir mudanzas como as que deberían centrar ese diálogo. A bilateralidade futura só podería darse após avanzar unilateralmente de forma que se debilite o rival até que non lle quede outra que sentar a negociar para evitar custes maiores. É o que nos ensina a historia e debemos telo en conta para responder a quen xustifica con falso realismo camiños manifestamente imposíbeis.

Desobediencia: sen vías legais para a independencia neste estado

O novo articulamento xurídico que aspiramos a construir debe xurdir da lexitimidade popular. Nese proceso é evidente que fará falta algún tipo de ruptura coa lexislación anterior, algo só posíbel coa acumulación de

Manifestación da Plataforma Galiza con Catalunya o 30 de setembro de 2017.

poder popular para o exercicio da desobediencia, que ha ser colectiva, coordinada e masiva. Isto supón asumir os custos que esta estratexia terá, tanto a nivel colectivo como individual para as persoas referenciais do proceso, e cómpre asumir isto de partida para que non condicionen os pasos a dar.

O 1-O serve de novo como paradigma dun exercicio masivo da desobediencia e da asunción dos seus custos asociados, neste caso con miles e miles de persoas arriscándo a súa integridade física en favor dun dereito democrático. O mesmo se pode dicir de moitas das accións posteriores que tiveron carácter masivo e continuidade pese a represión.

A centralidade da cuestión nacional e a súa ligazón coa loita social

A loita de liberación nacional é hoxe a vía que permite a ruptura constituínte que dea lugar á construción de estruturas sociais mais xustas e democráticas. Aliás, o exercicio da soberanía nacional non será tal se as decisións políticas, sociais e económicas están capitalizadas por unha minoría oligárquica que evite, na práctica a capacidade de decisión popular. Non é casual que o aliñamento da oligarquía española (e catalá) co unionismo fose total, ficando só no campo soberanista sectores da pequena e mediana burguesía autóctona. Ademais, o proceso foi creando unha vinculación cada vez maior entre as expectativas de liberación nacional e as demandas no campo social e democrático, concretizábeis só no marco do proxecto republicano en marcha, pois na autonomía non é posíbel desenvolver xa nengún tipo de política minimamente progresista.

O da soberanía é esencialmente un debate sobre o poder, eixo central de toda intervención política. Fala da capacidade dun pobo de gobernarse e dispor de ferramentas para iso. Neste momento histórico e no marco común em que actuamos, o eixo nacional é o principal vector revolucionario, abrindo opcións para as tarefas de transformación democrática dos pobos.

A esquerda española como lexitimadora do réxime

A maioría da esquerda española reafirmou neste proceso o seu papel como garante do statu quo do réxime. Ante a vía aberta de cuestionamento dos

piares do postfranquismo, tentaron presentar o maior movemento social en décadas como un conflito de elites que non lles interesaba, practicando unha equidistancia que mesmo lexitimou a represión.

As reivindicacións que as esquerdas españolas din asumir (rexeneración, democratización, ruptura democrática, proceso constituínte, república...) foron postas sobre a mesa no proceso catalán, non como reflexión teórica mais como obxectivos relizábeis e co apoio da maioría social. Porén, a súa resposta foi ignoralas fiando a súa consecución ao marco estatal no que eles se sinten cómodos, mais onde as posibilidades de hexemonía dos valores rupturistas son moito menores.

Emerxe o raizame fascista do rexime español

Ante a ameaza catalá, recorreuse ao despregamento da extrema dereita en diferentes formas: do incremento da violencia nas rúas, con numerosas agresións silenciadas polos medios españois, a outras como o fenómeno de Tabarnia nunha tentantiva de importación ridícula do fenómeno norirlandés. A súa lexitimación por parte dos poderes españois foi total.

En canto ao estado como tal, non só tentou garantir a súa orde coa represión, senón que tentou humillar o pobo catalán e os seus líderes e infundir o medo na poboación. A normalización plena desa represión constantou o abandono de mecanismos democráticos formais que até agora, a certos niveis, se tentaran respectar.Tanto no caso vasco como no catalán constátase a falsidade da que sen violencia todo era posíbel: certos proxectos políticos son irrealizábeis no marco español independentemente dos métodos, e a resposta a unha proposta política pacífica vai ser a mesma: criminalización, xuizos políticos e prisión. A deriva fascista do Estado -que non é máis que retorno ao seu cerne- existe hai tempo, mais agora demostra que non precisa sequer da escusa da violencia para se xustificar.

A verdadeira cara da UE

Pola súa xénese, o sistema político, xudicial e mediático español é ainda menos democrático e mais corrupto que o do seus homólogos europeus. Isto fixo medrar nalgúns sectores a esperanza de que a reacción de outros estados ou da UE poidese ser outra que a de aliñarse con España na cuestión catalá. Se ben na opinión pública, mediática ou nos aparellos xudiciais houbo decisións que non se correspondían coa vontade española, a totalidade dos Estados e especialmente a propia UE lexitimaron e apoiaron a vía represiva contra o pobo catalán co argumento do asunto interno. A UE foi construída ao servizo dos estados capitalistas europeus, e nese marco a integridade do estado español é un valor a defender, tamén para evitar o reimpulso de conflitos nacionais en marcha ou latentes no continente.

Isto provocou a decantación de sectores da opinión pública catalá, que abandonaron certo europeismo mal entendido e foron quen de percibir o papel da UE e a necesidade de construir a relación entre os pobos do continente sobre novas bases.

O esgotamento do autonomismo

A postura histórica do soberanismo galego é de oposición ao marco autonómico e da súa superación en favor de estructuras soberanas. Porén, teñen existido discursos e prácticas que apostaban pola simple xestión do marco estatutario para chegar a maiores cuotas de soberanía. Ese debate podía ter certo percurso -teórico- hai anos, mais hoxe pretendidas apostas gradualistas asentadas nun suposto pragmatismo non son xa máis que vías mortas. Calquer reforma constitucional só avanzará en cuestións cosméticas ou cara a unha maior recentralización. Na prática xa se está avanzando cara aí, tanto por vía xudicial como con leis que adelgazan cada vez máis o precario autogoberno, xunto á permanente ameaza, xa concretada, de liquidación discrecional da autonomía vía 155.

As dinámicas de acumulación do capitalismo español e a sua inserción no sistema mundial fan que non poda sosterse sen aumentar cada vez máis o espolio, o que deixa menos marxe de cesión de soberanía aos pobos.

Mortas as perspectivas da España plurinacional, queda apostar consecuentemente pola vía de construir o estado propio, para o cal é precisa unha estratexia de longo alento que recolla as aprendizaxes necesarias da experiencia catalá. Un camiño con moitas dificultades, que dificilmente ofrecerá resultados inmediatos e que asume que cómpre sementar pacientemente no campo da organización e a concienciación social para recoller froitos de soberanía.

Socializar este debate e construir as ferramentas para avanzar cara ao horizonte da República Galega é a urxente tarefa que temos por diante. ■

Mesa Nacional do Movemento Galego ao Socialismo.

É O REXIME, NON O GOBERNO

Lucía Freire

O PSOE acaba de voltar ao goberno do Estado despois dunha moción de censura que inaugura un período transitorio no cada vez máis inestábel rexime español. A pesar do evidente debilitamento do bipartidismo, de momento o sistema é quen de continuar a oscilar entre as dúas caras que se foron alternando nas últimas décadas e que aplicaron políticas moi similares no substancial.

É evidente que existe certa expectativa social co novo goberno e que non é posíbel ser indiferente á percepción en amplos sectores de, cando menos, certo alivio á hora de retirar do goberno a un PP que representa a corrupción institucionalizada a todos os níveis. Porén, a lóxica do "mal menor" non debe levarnos a acompañar falsas expectativas a respecto das necesarias mudanzas de fondo que en ningún caso van ter lugar da man deste goberno acabado de entrar.

Non está de máis lembrar novamente que cousa é o PSOE e cal foi o seu papel xa desde a transición, na hora de apuntalar o rexime, e como durante os seus sucesivos gobernos ou sendo cómplice do Partido Popular, aplicou algunhas das máis duras e regresivas medidas contra os dereitos sociais e laborais e as liberdades públicas (Lei mordaza, reformas laborais e das pensións, recortes en educación, recortes en saúde, etc.).

Tampouco a retórica coa que Pedro Sánchez voltou o ano pasado ao liderado do partido pode ocultar a súa traxectoria, mesmo xa desde antes do goberno Rajoy, cando apoiou a reforma da Constitución Española que prioriza o pago da débeda coa banca fronte ao gasto social. Máis recentemente puidemos constatar o seu pleno aliñamento no bloque do 155, lexitimando a brutal represión policial e xudicial que deixou presas políticas, exiliadas e numerosas causas xudiciais abertas contra o proceso independentista catalán. Nesta liña, só dúas semanas antes de ser investido, defendía a necesidade de reformar o código penal para actualizar os supostos do delito de rebelión e poder perseguir máis eficazmente procesos de liberación nacional. Isto deixa claro cal será a liña que seguirá no tratamento do que demostrou ser o elo máis feble do rexime: a cuestión nacional.

A configuración do novo goberno ilustra, nalgunhas das súas principais figuras, cales son as expectativas reais que podemos ter: o Ministerio de Interior está rexido por Grande-Marlasca, un xuiz cómplice de torturas e moi significativo da represión sofrida polo independentismo basco no seu ciclo máis duro de ilegalizacións e detencións masivas. O Ministerio de Exteriores está rexido por Josep Borrel, unha persoa que evidencia a pertenza do PSOE á oligarquía e que nos últimos anos foi reivindicado pola extrema dereita unionista polo seu furibundo españolismo e a súa postura contra o independentismo. A Ministra de Economía, Nadia Calviño, é unha funcionaria da Unión Europea que representa de forma impecábel o cumprimento estrito da ortodoxia neoliberal imposta por esta institución. Por non falar da fugaz fichaxe do xornalista de prensa rosa e de dubidoso pasado fiscal, Màxim Huerta como Ministro de Cultura.

O do partido de Pedro Sánchez é un goberno fraco e probabelmente breve que, aos poucos días de chegar ao goberno xa se destapou como "vendedor de fume" cando recoñeceu que non derrogará as regresivas medidas decretadas e levadas adiante xa no pasado e que, ademais, terá que gobernar cos orzamentos aprobados polo PP. Por iso, parece previsíbel que o novo goberno se limite a aplicar certas medidas cosméticas que lle permitan gañar folgos nas enquisas e enfrontar a próxima convocatoria electoral con máis garantías fronte ao ascenso do partido de Albert Rivera, mais que non afecten nada no fundamental, nomeadamente o cerne das principais contrarreformas dos últimos anos no campo laboral, social ou das liberdades públicas.

Fronte a esta nova operación de relexitimación do rexime, cómpre articular unha resposta á altura por parte do soberanismo e das clases po-

pulares. Será chave sincronizar os esforzos das diferentes organizacións do movemento nacionalista e seguir a acumular forzas en favor dunha alternativa de ruptura democrática e en favor da recuperación de dereitos roubados nos últimos anos. É preciso manter nas nosas axendas a idea de traballar de novo co horizonte da folga xeral na Galiza, unindo loitas en todas as frontes, vencellando as diversas iniciativas populares a un proxecto de superación no marco actual.

Aínda coas dificultades derivadas do feito de que o soberanismo galego non conta cunha voz propia nas institucións parlamentarias estatais, cómpre tamén avanzar na coordenación co resto dos pobos do Estado para golpear de forma máis eficiente e contundente. Nun momento no que fica claro que os movementos independentistas son o maior e único factor que pode pór en cuestión a andamiaxe construída no ano 78, debemos aproveitar a fenda aberta polo proceso catalán e afondar nela, afortalando as nosas ferramentas sociais e políticas para o proceso de emancipación nacional. O papel do nacionalismo galego nesta conxuntura non pode limitarse a reclamar un mellor reparto das migallas, unha nova redistribución de recursos e competencias ou a demandar unha descentralización formal que xa demostrou ter nulo percorrido, senón cuestionar a esencia do sistema do poder no estado español.

A crise social, nacional e de lexitimación democrática do sistema seguirá vixente, e o noso papel é evidenciala en todas as frontes formulando alternativas superadoras. Enfrontándonos a quen pretenda reservarnos un papel similar ao da esquerda española ou ao dalgunhas forzas teoricamente nacionalistas ou rexionalistas do estado, que exercen como factor de lexitimación ou estabilidade do sistema. A nosa función debe ser xusto a totalmente oposta.

A chave das batallas que virán é entendermos que loitamos contra un rexime e non só contra un goberno. De feito, as mudanzas de goberno poden ser plenamente funcionais para o mantemento do substancial: a unidade do Estado e os privilexios da oligarquía española. Fronte a iso, o noso deber é seguir organizadas e non dar tregua na loita por recuperar o poder para o noso pobo, a nosa soberanía. ■

Lucía Freire é secretaria de propaganda na Executiva Confederal da CIG.

Duas Sementes em Compostela, uma em Trasancos, uma em Lugo e outra em Vigo, o projecto paralelo das Babás, o das Sementinhas... Todo em sete anos.

Na realidade, em Compostela hai dous centros — e vai haber três —, mas só pola impossibilidade técnica de arranjar um local maior. O nosso próximo reto é unificar todos os grupos. Quanto às Babás, nom é umha questom diretamente gerida pola Semente; o que fazemos aqui é pôr famílias que necessitam cuidadoras em contacto com cuidadoras que de algumha maneira a Semente garante que respeitam a língua e os princípios educativos que nos regem a nós. Trata-se mais bem dumha facilitaçom, por assim dizer. E quanto às Sementinhas, estám pensadas como um espaço de encontro aberto a famílias que, por questom de idade sobretodo, ainda nom fam parte da Semente — a idade mínima para entrar no projecto som os dous anos. Portanto, para crianças mais pequenas, facilitamos um ponto de encontro onde expressar-se na nossa língua, familiarizar-se com as instalaçons e conhecer outras famílias em situaçom similar.

O projecto cresce. Por que? Que oferece de diferente e interessante?

É verdade que há um crescimento. Em Compostela é o sexto ano que funciona e sempre fomos multiplicando o número crianças: o ano passado houvo 48, quase o duplo que o ano anterior. No resto das Sementes, a tendência é, com mais ou menos velocidade, a mesma. E agora mesmo hai já dous grupos de trabalho para tentar abrir Sementes no próximo ano ou no seguinte no Vale da Amaía e na Corunha. O motivo principal deste crescimento é que existe umha demanda real de famílias que querem assegurar que a educaçom da suas crianças é em galego e garantir que, quando menos nos primeiros anos de vida, o trabalho feito em casa nom se veja atropelado noutras instituiçons educativas. É verdade que também existe demanda dumha educaçom mais respeitosa com o ritmo das crianças, mais contextualizada na contorna própria, etc. E também hai umha série de público da Semente que é activista, que fai parte do tecido social do país nos diferentes níveis e que quer prolongar esse activismo também ao âmbito educativo.

Laicismo, coeducaçom, interacçom com a natureza, autoregulaçom das crianças, assemblearismo, etc. som conceitos em destaque na Semente, mas nom som fórmulas mui difundidas no resto de modelos educativos. Nom se trata só de imersom linguística, daquela?

É verdade que a imersom linguística é a razom de ser da Semente. Isto é inegável. Em origem, a decisom de criar a Semente foi tomada numha assembleia geral da Gentalha do Pichel na que se debateu sobre se era melhor abrir mais um centro social ou se havia capacidade para iniciar um projecto educativo. Optou-se por esta segunda via — com todo o acerto, segundo a minha opiniom — e quando se materializou viu-se que o elemento mais importante era a reaçom contra um problema que está à vista de qualquer pessoa: a desgaleguizaçom maciça e sistemática das crianças no sistema estatal de ensino. E, ademais, também sabíamos que todas — absolutamente todas — as naçons sem Estado na Europa tinham tentado essa via cinquenta, sessenta ou setenta anos antes de nós. Portanto, era um caminho que todo o mundo entendia que devíamos explorar.

Esta foi a razom inicial. Mas, como é claro, umha vez que se decide abrir umha escola de imersom com um objetivo linguístico, evidencia-se que

BEA BIEITES

Nos últimos anos, o projecto Semente de ensino galego tem-se convertido numha das iniciativas mais prometedoras para a sobrevivência e recuperaçom da língua. E isso embora a falta de apoios institucionais e de grande parte do nacionalismo galego, que olha para estes centros com umha mistura de desconfiança e, provavelmente, desconhecimento. Para conhecer algo mais sobre as perspectivas de futuro, falamos com Bea Bieites, membro da comunidade criada à volta da Semente de Compostela.

há que atender também outras cousas e que há que enchê-la com valores. Nom serve só com definir a língua veicular. E está claro que, nesse ponto, a ideologia do grupo promotor inicial tivo a ver com estes elementos que comentas, e que hoje estám intrinsecamente ligados ao projecto. Hoje nom faria sentido promover umha Semente que fosse de outra maneira.

Quanto à língua, o projecto Semente nom só a coloca no centro do tabuleiro. Fai-no com umha visom mui concreta da mesma: a do reintegracionismo.

É que as pessoas que tinham claro que um sistema educativo nacional é um elemento indispensável — nom o único, mas sim indispensável — para poder contribuir para a sobrevivência do idioma, também tinham

claro que nom ia ser nada simples construir um modelo imersivo em galego sem umha óptica reintegracionista, por questons práticas — de materiais, de músicas, de elementos didácticos — e também porque é o elemento que pode dotar dumha maior autoestima e dumha maior utilidade à própria língua.

É verdade que a Semente nom estabelece em nenhures umha norma de uso, mas sim que segue a filosofia reintegracionista. Isto significa que se garante que as crianças que entram no projecto estarám em contacto com diferentes maneiras de escrever e falar a nossa língua, e isso respeitando o ritmo de cada criança e de cada um dos grupos que se constituem. De facto, nom todos os grupos promotores da Semente tivêrom a questom linguística tam clara, de maneira que o que se garante — e já nom é pouco — é o contacto com as diferentes variantes da língua através de contos, música, modelos de escrita, etc. Isto tendo em conta que até agora, no período educativo em que se trabalha, a questom da lecto-escrita tampouco está no currículo. No primário, a escolha do padrom já terá outra dimensom, porque haverá que formar as crianças, quando menos, em dous modelos ortográficos.

Antes comentavas o que se tinha feito noutros países em relaçom a criar escolas nacionais, e a Semente já tem declarado que o seu objetivo é conformar, no meio prazo, uma Escola Nacional Galega. É factível à margem da administraçom pública? Ou, por outro lado, há vontade de que seja precisamente assim?

Mais bem é que nom hai mais remédio. A maioria das pessoas que estamos na Semente trabalhamos no ensino público estatal, figemos parte dos movimentos de defesa del ou saímos à rua a manifestar-nos por ele, assim que nom hai dúvida nengumha de que a vontade destas pessoas seria que no nosso país as condiçons políticas fossem outras e que os direitos linguísticos das crianças galegas estivessem garantidos. Mas depois de quase setenta anos de políticas linguísticas nefastas que praticamente nos levárom ao extermínio como comunidade linguística, penso que já nem serquer hai tempo de determinados debates. Entrar na dicotomia de se hai que apoiar ou nom o ensino público, entendemos que o que provoca é umha parálise do crescimento de iniciativas populares. Simplesmente, agora mesmo é a única saída, e foi tomada por um grupo de pessoas, na sua maioria activistas, para, quando menos, conter o etnocídio. Conhecemos o modelo das ikastolas, que chegou a tornar-se público precisamente pola pressom que a comunidade criada arredor delas exerceu, e parece-nos umha saída mui interessante. Oxalá nós tivéssemos essa capacidade para provocar umha mudança no rumo da política educativa institucional, mas polo momento somos aínda umha comunidade pequena, e a única opçom que temos é procurar umha saída para um problema que nom é particular, mas de todo o povo. Em qualquer caso, as Sementes nom som umha medida novidosa nem no conjunto de Europa, como digemos, nem na Galiza, onde hai dúzias de exemplos de iniciativas autogeridas e populares impulsadas por diferentes grupos sociais em diferentes momentos para solucionar problemas colectivos.

Sobre isto que comentas, umha das reticências mais comentadas é sobre a questom de se é ensino público ou privado. Que é? Ou é umha terceira via?

É que no nosso país nunca se chamou "privado" a iniciativas como os jogos desportivos, os economatos, os sindicatos ou as associaçons culturais, que também tenhem actividades formativas. Sempre se lhes chamou iniciativas populares ou comunitarias que, de maneira colectiva, o nosso povo organizou para suprir carências ou negligências do Estado. Aqui nom hai nengum tipo de lucro por parte de ninguém. Trata-se só de que umha parte do nosso povo decidiu tomar as rédeas dum problema e procurar-lhe umha soluçom, com mais ou menos sucesso. E, em qualquer caso, é umha opçom como as que já se ensaiárom no nosso país historicamente: os emigrantes construírom escolas de indianos, as Irmandades da Fala promovêrom escolas de ensino galego, etc. Nós, simplesmente, sentimo-nos herdeiras desse legado. E, em linha com a filosofia do reintegracionismo, nom se trata de inventar nada, mas simplesmente de retomar o nosso próprio discurso histórico e tentar acabar o que, por diferentes circunstâncias, outros nom foram capazes de concluir. A nossa intençom, portanto, nom é outra que assumir a semântica dos movimentos populares.

Outra das questons apontadas habitualmente é sobre os limites do projecto. Nom é só que geograficamente deva desenvolver-se muito mais para ter uma incidência social real. Também cumpre fazê-lo em relaçom com a faixa etária. Como vai a expansom para o primário?

Sobre a questom do primário, a realidade é que todos os passos legais estám já dados para começar o primário no início oficial do ano escolar em Setembro. Em Trasancos e Compostela estamos unicamente à espera de receber o certificado final, de maneira iminente. De resto, a verdade é que o projecto foi crescendo em oferta à medida que também foi crescendo em massa social e em capacidades. Digamos que a construçom vai em funçom das nossas possibilidades, e nom dos nossos desejos. O objetivo é completar o sistema educativo nacional com todas as etapas formativas, até ao universitário, e também, evidentemente, elaborar um currículo que se adapte às nossas características e necessidades como povo. Agora, por questons óbvias, sobretodo de capacidade económica, vai-se devagarinho, e hai que entendê-lo como umha das limitaçons da autogestom.

Por último, qual é a situaçom dos apoios e qual é a perspectiva?

Em Trasancos e Lugo, as Sementes estám instaladas em locais que som municipais, e onde os serviços associados a eles são pagos polo concelho. Mas no resto nom há nada, nem sequer em Compostela, apesar de aparecer especificado no programa do governo actual. De qualquer maneira, o nacionalismo — entendido como se queira — deveria apoiar de maneira incondicional umha estratégia como a da Semente. Nom podemos continuar teimando na mesma estratégia de política linguística década trás década, limitando-nos a campanhas de promoçom que contrastam, ano a ano, com cifras cada vez piores. Desde a nossa comunidade escolar nom se compreende mui bem esse cepticismo e desconfiança que percebemos por parte do conjunto do nacionalismo. A Semente é umha peça dentro do movimento de construçom nacional, e nom faria sentido se nom houvesse outras peças. Nom fai sentido criar um infantário se, depois, as crianças nom tenhem outros referentes "adultos" onde se desenvolverem, se nom hai mais espaços onde socializar, onde fazer activismo ou onde fazer política. A Semente tem que fazer parte dum movimento mais completo. Eu, pessoalmente, só vejo que a Semente poda vir a transformar-se num elemento basilar se esse movimento em conjunto entende que isto é fundamental para a nossa ré-construçom como povo. Outros povos tivérom claro que o educativo era um âmbito mui importante. É claro que nom garante nada por si próprio, mas é umha peça essencial nom só a nível linguístico, também para a identidade e o sentimento de pertença. Em qualquer caso, toda a nossa comunidade é mui optimista. Em Trasancos estám a organizar avais para comprar umha propiedade para o futuro, e em Compostela também está isso acima da mesa, o que demonstra que a há umha comunidade que continuar e crescer. ■

INSTITUCIÓNS, CONTRADICIÓNS E UNHA POUCA ESPERANZA

Noa Presas

"O resultado é normalmente incerto, pero por algunha razón os relatos de declives e caídas posúen unha autoridade da que carecen os esperanzados"

Rebecca Solnit, Esperanza na escuridade.

O panorama que nos deixa na Galiza de hoxe unha década de crise do capitalismo, con consecuencias salvaxes sobre a clase traballadora, onde as alternativas de esquerda experimentamos tamén a frustración colectiva da incapacidade de transformar a rabia en resposta, pode facer que nos instalemos no derrotismo ou no conformismo. Porén, debemos reivindicar non só a necesidade dun futuro diferente, tamén a nosa capacidade colectiva de facer que sexa mellor para o noso pobo e clase. No libro do que tiramos a cita coa que abre este artigo, a feminista Rebecca Solnit fala de que si, o mundo é unha merda pero sen as achegas revolucionarias do activismo sería peor. Malia publicarse na era Mr. Wonderful, a autora non apela de forma simplista á ilusión e ao optimismo como mantra, pero si convida a reparar nas condicións obxectivas que atopamos se analizamos exemplos do pasado recente contrapoñéndoo á desesperanza irracional. Un exercicio necesario para, no tempo do individualismo, practicar unha esperanza racional, aquela que olla que hai posibilidades abertas e que non podemos subestimar o poder popular aínda que os resultados non sexan inmediatos.

Se o exercicio de aparcar a desesperanza é preciso no día a día do activismo social, éo máis aínda cando unha parte importante da actividade política se desenvolve no corsé dunha institución. É preciso un exercicio de colectivizar posibilidades e prioridades nos que a institución sexa unha panca máis e as súas representantes nin pensen só nela, nin sexan as únicas que a pensan. Esta tarefa é fundamental tamén porque, se ben nalgún momento o nacionalismo político padeceu o espellismo de que nas institucións todo remataba e comezaba, corremos o risco de situarnos, pola contra, no absoluto desprezo desa porta. E non deixa de ser un tópico insistir en que nada é branco ou negro, pero se ben ambos extremos parecen resultar cómodos desde a súa propia perspectiva amósanse estériles se o analizamos en perspectiva.

É obvio que a participación de institucións ten contradicións que non debemos negar, senón ter presentes. A súa arquitectura non deixa de ser froito dunha transición fraudulenta e dos ditados que marcan unha Constitución española imposta e un Estatuto de Autonomía esgotado, que non garanten un marco adecuado para desenvolver as nosas necesidades de país e de clase. Tamén é un marco moi limitado canto ao seu funcionamento como presunta casa da democracia. Máis aínda, pensando no Parlamento Galego, nun contexto de maioría absoluta onde o PP o pon ao seu servizo sen ruborizarse. Todo o mundo se sorprende cando explicamos, por exemplo, que para debater unha pregunta urxente ten que pasar unha semana e só pode ser unha, non pode haber máis urxencias. Feitos como que unha Iniciativa Lexislativa Popular asinada por 17.835 persoas, a da tarifa eléctrica galega, fora deturpada na tramitación máis longa nos 35 anos de historia do Parlamento simplemente porque o PP quería matar o debate dá idea das debilidades que ten unha democracia que maioritariamente é formal e non real. Tamén fala da nosa forza.

As súas limitacións tamén nos amosan posibilidades. Oportunidades para tensionar socialmente e contribuír á necesaria mobilización, en sentido amplo, do soberanismo nun contexto no que nos xogamos moito como pobo e como clase, nun escenario onde a consolidación da pre-

cariedade veu para quedarse despois da década de rescates bancarios e onde son os pobos do Estado quen están sendo o talón de Aquiles do Réxime do 78. Precisamente neste contexto fíxose evidente a necesidade dunha voz propia, neste caso nas Cortes do Estado. Unha representatividade que até perdela non valoramos. Mentres, deberamos explicar socialmente con máis forza que diante da submisión das forzas de dependencia estatal está a alternativa soberanista, que non teme poñer enriba da mesa a derrogación da lei mordaza ou das reformas laborais. Pero para explicalo non abonda que o contemos no Parlamento Galego, onde temos priorizado a situación social e o retroceso de liberdades democráticas. Precisamos que fóra haxa unha base social forte que leve o debate á rúa.

Para quen buscamos fortalecer un proxecto de construción nacional e liberación social só hai unha forma de entender o institucional, non desde a aceptación senón desde a conciencia de que é un espazo máis que ocupar sen complexos, pois tamén dá oportunidades de chegar socialmente a máis persoas. Hai dificultades obxectivas que van seguir estando aí. Pero temos que analizar que a crise do Estado, do capitalismo e súa falta de lexitimidade seguirán vixentes, e o noso papel é evidenciala formulando alternativas superadoras. Coas súas limitacións, nas institucións temos oportunidades para iso. Temos tamén mostras recentes de éxito colectivo. Por exemplo, a vitoria de Ferroatlántica fronte a un xigante neocolonial como Villar Mir debe ser un motivo para confiar que a fronte social e institucional contra a Mina de Touro vencerá. Quedará moito por facer, pero avanzamos. E calquera exemplo, até outros máis pequenos, ten un elemento chave: con forza na rúa podemos forzar cambios. Sen resposta social, as posibilidades que dá a institución minguan.

A experiencia lévanos a concluír que os límites para as institucións márcaos fundamentalmente o que somos quen de facer fóra delas. Por iso, aínda que sexa máis fácil enuncialo que levalo a cabo, debemos entender o afortalamento da nosa base social e política e do seu activismo como a mellor receita para que o que facemos nas institucións sexa útil e teña rendibilidade para que o soberanismo avance, verificándose como un proxecto ao servizo das clases populares e da dignificación do país. Ao tempo, navegar no relato conformista de que a representación institucional é inútil só nos levaría a ver as dificultades. Poñamos intelixencia colectiva para explorar as oportunidades. ■

Noa Presas é deputada do BNG no Parlamento Galego.

REMUNICIPALIZACIÓN DE SERVIZOS: BATALLA DAS IDEAS E DOS FEITOS

Antón Somoza

Desde as últimas eleccións municipais foi acadando presenza no debate público a denominada 'remunicipalización' de servizos públicos privatizados; é dicir, á recuperación por parte dos concellos de servizos públicos que están obrigados a dar á cidadanía e que co paso do tempo foran sendo encomendados a mans privadas, revertindo a lóxica de servizo inicial e converténdose en negocios dos que as empresas adxudicatarias procuraban tirar o máximo beneficio co menor custo.

Esta vaga privatizadora reforzouse nos últimos anos, co pretexto da crise económica, por parte do goberno do PP no Estado e na Xunta; de novo favorecendo, tamén, os intereses do grande capital (modificacións da LRBRL e da LCSP, taxas de reposición que limitan a contratación de persoal e provisión de postos de traballo por parte das administracións públicas).

A privatización de servizos públicos pasou de ser unha opción de xestión dos mesmos a converterse nunha necesidade de reprodución do capitalismo: o Estado renuncia á atención das necesidades básicas da poboación, delegando esa función no capital. No eido local estes servizos non foron entregados cento por cento ao réxime de mercado, mais traduciuse nunha xestión indirecta da administración a través dun concurso público, favorecendo o incremento de beneficios dun sector empresarial que acadou cada vez máis relevancia, cunha importante concentración e centralización de capital. Así, o subminstro de auga, a recollida do lixo e a xestión de residuos, o guindastre ou o acondicionamento de zonas verdes dependen actualmente de grandes empresas multinacionais que reparten as concesións practicamente en réxime de oligopolio.

Non se trata aquí, máis unha vez, de recitarmos un argumentario xustificativo da recuperación para o público de servizos privatizados — cuestións xa abordadas in extenso en varias publicacións do MGS —, senón de facermos unha reflexión sobre onde estamos situados no conflito e até onde estamos en disposición de chegar.

Somos conscientes de que estas medidas son pezas dunha estratexia xeral de desregulación e ataque global contra os dereitos da clase operaria por parte do sistema capitalista, garantindo o incremento do beneficio privado e a acumulación do capital. No momento en que a xestión dun servizo se mide en termos de produtividade e eficacia empresarial o lucro que acarreta para a empresa adxudicataria vai ir en detrimento dos salarios e condicións laborais dos seus empregados, por unha banda — mesmo con incumprimento frecuente dos pregos de condicións das adxudicacións — e da calidade do servizo pola outra: menos horas de atención, dotación insuficiente de persoal, menos garantías e responsabilidade na prestación do servizo...

Mais existe outro aspecto a ter en conta que ás veces se obvia e que se atopa detrás destas privatizacións como ben podemos observar polas crónicas xudiciais que nos últimos tempos se fixeron habituais sobre corrupción na administración pública: a falta de transparencia na contratación que traen este tipo de adxudicacións. Isto tamén nos leva a poñer o foco noutras administracións ou entidades de dereito público — popularmente denominadas 'chiringuitos — que teñen como finalidade xustamente saltar as estritas normas de igualdade, mérito, capacidade e publicidade que establece o acceso á función pública ou a un

contrato laboral coa administración pública: empresas públicas — o cal non implica que teñan capital 100% público tampouco —, organismos autónomos, etc. Todo o esperpento en que converteu a Deputación Provincial de Lugo o deputado tránsfuga Martínez, serviu tamén para poñer de relevo isto: como a dirección dunha empresa pública (SUPLUSA) creada nos tempos do cacharrismo como un deses 'chiringuitos' de contratación de afíns por medios pouco transparentes se converte en moeda de cambio de negociacións partidarias ou intereses espurios. Empresa, todo hai que dicilo, cuxo procedemento pouco transparente sobreviviu gobernos de coalición nos que participou o nacionalismo, incluso mantendo os xestores anteriores.

O eido local revélase como o campo de batalla prioritario para a recuperación dos servizos públicos para os intereses da clase traballadora galega. Principalmente por tratárense de actividades concesionadas e, por tanto, sometidas a unha supervisión da administración e a unha limitación no tempo; o cal facilitaría procesos de remunicipalización unha vez incumprido ou finalizado o contrato. Tamén somos conscientes das dificultades de todo tipo que supoñen eses procesos — comezando pola correlación de forzas ou o complexo procedemento administrativo — como da reversibilidade que até o día de hoxe tiveron os argumentarios segundo o BNG se situase no goberno ou na oposición.

Por isto as eleccións municipais de 2019 son unha oportunidade para afondar na liña de traballo de defensa dos servizos públicos que vén desenvolvendo o BNG a nivel nacional desde a coherencia e a firmeza, convertendo a remunicipalización de servizos nunha peza básica do noso discurso e nun obxectivo estratéxico para os concellos nacionalistas. Por moita ledicia coa que se exhiban peonalizacións e zonas 30, premios urbanísticos ou paseos en bicicleta — en ocasións de forma acrítica coa xentrificación que poidan ocasionar —, nin representan un sinal de identidade dunha liña política para as clases populares galegas nin tapan incomprensíbeis concursos para renovar a xestión indirecta de servizos básicos como o de abastecemento de auga de Pontevedra que non fan máis que dar unha imaxe de debilidade do nacionalismo como alternativa.

A loita pola remunicipalización nesta fase histórica debilita os intereses dos monopolios, favorece a ampliación de dereitos da cidadanía e permite elevar a consciencia do pobo ao implicar un enfrontamento coa alianza entre o Estado e o grande capital. En todo caso, que non se gañe esta batalla no curto prazo non supón unha derrota se serve para pór de manifesto a nosa vontade política e evidenciar as limitacións do marco institucional. ■

Antón Somoza é historiador e foi concelleiro do BNG en Lugo.

A ARMADILLA DA RIQUEZA DEPENDENTE

Xandra Martínez

Galiza é unha terra fértil e chea de recursos, cunha localización, ás portas das autoestradas marítimas, que favorece o comercio exterior. Unha situación que calquera país envexaría. Sen embargo, nas condicións actuais de falta de soberanía e subdesenvolvemento económico da nosa nación, a norma é a explotación salvaxe e a curto prazo, sen ter en conta o esgotamento e reservándonos unha condición dependente e colonial.

Un exemplo que nos últimos tempos está na palestra é o caso das explotacións de megaminaría como Touro-O Pino ou Corcoesto. Trátase de proxectos pensados para maximizar a extracción de recursos no menor período de tempo posíbel; un exemplo claro de explotación salvaxe, no que empresas multinacionais se asentan nun territorio alleo e explotan as súas riquezas co apoio incondicional dos partidos sistémicos, sen ter en conta as condicións ambientais ou sociais chegado o momento do esgotamento da propia mina. O único interese de empresas como, neste caso, Atalaya Mining, é obter o maior beneficio económico nun tempo reducido. No seu proxecto non se contemplan as consecuencias para o entorno durante e despois da explotación. A afectación do uso agrario e forestal da zona é evidente, así como a contaminación das augas no entorno da mina. Ante este panorama, prevese que o proxecto supoña outro atentado ambiental que signifique, á fin e ao cabo, a destrución do medio rural da comarca.

Pero, debería unha empresa ter vía libre para actuar deste xeito? A resposta evidente nun país soberano pensando no interese da maioría é non. Mais cando a realidade de Galiza é tan diferente a este escenario, chégase a situacións nas que a destrución do medio sae tan barata que non se esixe a estas empresas nin sequera investimentos para garantir a seguridade da explotación. O balance final, será que no mellor dos casos, Atalaya Mining ofreza certo número de traballos precarios que eliminarán unha vez esgotados os recursos. Chegado ese día, terá levado millóns de euros de beneficio e deixará no país outra comarca devastada.

Este xeito de entender a extracción de recursos do país non é novo. É o modelo herdado da ditadura franquista que arrasou a Galiza enchéndoa de centrais hidroeléctricas e abriu as portas a ENCE e, con ela, á eucaliptización dos montes. Estas experiencias levan demostrando ao longo dos anos que non deixan atrás de si mais que destrución do medio e precariedade laboral. Afianzan a idea de que non somos máis do que unha colonia da que espoliar recursos naturais e humanos; un país servil ao capital estranxeiro que exerce o seu dereito de pernada na nosa terra co beneplácito dos gobernos da Xunta e do Estado. As institucións fan ouvidos xordos aos estudos de expertos e reprimen as protestas cidadás, mentres os medios colaboran silenciando ou ofrecendo información nesgada da situación. E é que a explotación dos nosos ríos, as minas a ceo aberto, a eucaliptización masiva do monte e a destrución do sector gandeiro e pesqueiro non supón máis que a posta en práctica dunhas políticas coloniais e extractivistas onde a nosa nación é fornecedora de recursos para grandes empresas multinacionais, traendo máis miseria, precariedade e destrución dos nosos espazos naturais fronte ao enriquecemento dunha minoría.

O ano pasado, o goberno da Xunta de Galiza preparou unha xogada mestra que aínda facilita mais os trámites para as empresas que pretenden exercer o papel de colonizadoras na nosa terra. A aprobación da Lei de

Imaxe dunha das múltiples mobilizacións contra a reactivación e ampliación da mina de cobre de Touro-O Pino.

Depredación de Galiza por medio da maioría absoluta do Partido Popular no Parlamento Galego, e sen ofrecer información aos galegos e galegas, significa, a fin de contas, unha vantaxe substancial para as empresas e a redución da marxe de actuación para os sectores sociais que se opoñan ao proxecto. Preténdese así que a estimulación da economía galega pase por convertela nun espazo extractivo ao servizo do capital financeiro globalizado.

Coa aprobación da nova lexislación ofrécense facilidades ás empresas como o maior acceso á terra e a menor esixencia de obrigas ambientais e sociais. Aínda que na práctica isto viña sucedendo con anterioridade, ao estar recollido agora na lexislación limítase o papel dos concellos e da opinión popular, e redúcense os tempos de aprobación dos proxectos, polo que na práctica imposibilita a presentación en prazo de informes de avaliación en materia ambiental que poidan vir a frear as iniciativas do capital.

As implicacións a longo prazo da aprobación desta lei van ser importantes. Desde a expropiación de terras que se acumularán nas mans de multinacionais mediante a figura de "utilidade pública" até a modificación do modelo enerxético, pasando pola limitación das actividades económicas do rural. No noso país cada vez é mais difícil adicarse á agricultura ou á gandería, mentres que se facilitan proxectos de multinacionais eléctricas, forestais, ou mineiras. Mentres se destrúe a paisaxe autóctona e se priorizan especies invasoras nos nosos montes que limitarán tamén o papel da industria madeireira, tan importante na nosa nación. O obxectivo é restar importancia á industria autóctona así como a un sector primario que foi sempre a base da economía galega. No seu lugar, preténdese potenciar un modelo neocolonial a pivotar sobre a extracción literal da riqueza da terra, amparado no capitalismo salvaxe e polo tanto no esgotamento de recursos a calquera prezo.

Este modelo asúmese en consonancia co status actual. No marco do actual sistema económico, os proxectos sustentábeis que respecten o entorno e a sociedade non son rendibéis, e cando, ademais, onde se toman as decisións só nos consideran periferia da que obter riqueza, as cartas a xogar son limitadas. É preciso por iso mudalo todo e partir da base de que só nós mediante a conquista da soberanía política e económica imos poder avaliar axeitadamente as nosas capacidades, recursos e necesidades e xestionalas deixando a un lado os intereses dunha minoría para planificar a nosa economía cos intereses da maioría no centro do taboleiro. Por suposto a industria ten que ter un espazo fundamental na nosa economía, mais non calquera industria, e non a calquera prezo. Os intereses do conxunto do pobo galego terán que ser a nova regra. Se non o facemos, virán mais Atalayas e máis Corcoestos, mais eucaliptos e máis verteduras. ■

Xandra Martínez é traballadora industrial.

A COMPETIÇÃO DOS GRANDES PODERES

Álvaro Lamas

No 18 de Janeiro de 2018, o Secretário de Defesa dos EUA, Jim Mattis, anunciava uma mudança estratégica na política internacional. Os EUA continuariam a combater o terrorismo, mas o foco estaria agora na "competição dos grandes poderes". A ninguém surpreende que a Rússia e China fossem as mencionadas. Os conflitos ucraniano e sírio, a concentração de tropas no Báltico e Polónia e a decisão de Obama de transladar o centro de ação à Ásia oriental e o Pacífico coincidem com isto. Porém, há um outro grande poder em questão: a União Europeia.

Para compreendermos o momento actual temo-nos que remitir às grandes conflagrações mundiais do século passado. O antagonismo das potências imperialistas do momento levou à necessidade de se enfrentarem no campo de batalha polo reparto colonial e a hegemonia. A Europa resultante, exausta, deu passo a uns EUA em condições materiais de se fazer com a ela. Abriu-se então um novo ciclo cumulativo e expansivo: os países da Europa Ocidental necessitavam ajuda para a reconstrução e para evitarem qualquer possível insurreição operária por imitação da URSS. Estabeleceu-se assim um consenso sobre a possibilidade de cooperação entre potências imperialistas, com os EUA à frente. Porém, a conformação da União Europeia supõe no longo prazo a criação dum bloco competitivo que acabará por rivalizar com os EUA. Como dizia

Marx, os capitalistas podem-se levar bem e cooperar enquanto as cousas vão bem. Mas nem sempre as cousas vão bem.

Com a crise de 1973, a produtividade no centro imperialista cai e as suas burguesias devem optar pela expansão exterior e a financeirização para compensar as perdas. Os antagonismos aumentam. A queda do campo socialista abre todo um novo mundo para a expansão de capitais europeus, que de novo deverão concorrer entre si. Como contrapesso, acelera-se a integração económica, primeiro com o tratado de Maastricht, posteriormente com a criação do BCE e a moeda única. Em 2008, com a crise financeira, a rivalidade entre blocos e a divisão do mundo em esferas de influência intensificará-se de maneira exponencial. Uma série de acontecimentos revelam-nos uma mudança no velho paradigma dos consensos: o Brexit, por exemplo, traduzia o cisma entre a facção do imperialismo britânico mais proclive à UE e aquela que se decanta pelos EUA. A vitória de Donald Trump é outro exemplo. Embora a grande imprensa afirme que Trump é imprevisível e até que está louco, a sua política tem uma linha coerente se visto que leva desde os anos 80 a dizer que os aliados dos EUA não pagam o preço justo pelo benefício que obtêm das relações com esse país.

São numerosos os pontos conflitivos entre os EUA e a UE actualmente: o caso Skripal, uma fabricação britânica com a finalidade de agitar a belicosidade contra a Rússia; o projeto do oleoduto Nord Stream 2, que visa duplicar o transporte de gás desde a Rússia à Alemanha; a ruptura do acordo nuclear iraniano, etc. No primeiro caso, o objectivo dum Reino Unido sumido no caos da gestão do Brexit é a de buscar pontos de união entre os EUA e a Europa contra a Rússia. Pretende limar as diferenças entre ambos blocos polo menos no curto prazo, para manter um precário nível de benefício próprio. Soubemos por filtrações do demissionário Boris Johnson que Theresa May ía formular no G7 de Junho a proposta de uma força de ação rápida contra a Rússia. Este caso deu pé a uma escalada de tensão, de sanções anti-russas e de expulsão de diplomatas russos nos EUA, na UE e no Canadá. A UE viu-se na obriga de aceitar estas sanções, mas não foram prato de gosto para a Alemanha, cuja burguesia depende do gás russo para fornecer a sua infraestrutura. O Nord Stream 2 é também objetivo dos Estados Unidos, que age através sanções e de aliados como a autocrática Polónia, que tenta vetar o projeto alegando que sumiria a UE na dependência energética da russa Gazprom. A Ucrânia vê neste projecto também uma ameaça à sua própria existência. Porém, a Alemanha confirmou que continuaria adiante com o projecto logo após ceder na expulsão dos diplomatas russos. A ruptura do acordo com o Irão, pola sua parte, implicou enormes perdas nos investimentos europeus nesse país — 21mil milhões em 2017, que triplicavam os de 2013. O Presidente do Conselho de Europa, Donald Tusk, chega a dizer "com amigos assim, quem precisa inimigos?" A única maneira que tinha a UE de sortear as sanções foi desprender-se do dólar nas transações com o Irão, o que é enormemente significativo.

Contudo, a confrontação mais aberta até agora entre os imperialismos americano e europeu é, se calhar, a imposição de tarifas alfandegárias ao aço e o alumínio europeu. As reacções não se fizeram esperar. A UE proclamava o que era um "mau dia para o livre mercado", denunciava a medida ante a OMC e respondia com sanções. O Presidente da França, Emmanuel Macron, afirma então: "Isto já aconteceu na Europa nos anos 30. O nacionalismo económico leva à guerra". A França, a Grã Bretanha, a Alemanha, a Bélgica, a Dinamarca, os Países Baixos, a Espanha e Portugal decidem então assinar a conformação de uma força de resposta rápida à margem da NATO, chamada Iniciativa de Intervenção Europeia. Um movimento de grande repercussão dado o momento em que se produz, que põe em questão os mesmos fundamentos da aliança atlântica. Neste contexto chega-se à cimeira do G7 de Junho de 2018: um teatro em que se encenam as intensificadas contradições entre velhos aliados. A proposta de Trump de que a Rússia — até pouco antes, objetivo bélico — volte ao grupo demonstra que o imperialismo americano não tem intenção de negociar nada. A sua intenção é destruir as suas velhas alianças para obter o preço "justo". Dia a dia as tensões aumentam num capitalismo que se dirige novamente à destruição, pois, como disse Gramsci, o velho não acaba de morrer e o novo não acaba de nascer, e no claro-escuro nascem os monstros.

É evidente que nós não temos nada a ganhar com isto. Só a alternativa socialista, a revolução em que a classe operária tome o poder e que questione o verdadeiro núcleo destes problemas, constituído pola propriedade privada e a anarquia da produção, pode evitar o grande desastre. ■

Álvaro Lamas é médico e activista internacionalista.

FENDA

EMBAIXADA POPULAR GALEGA EN MADRID

Madrid é sempre sinónimo de poder afastado e de interesses coloniais para a Galiza mas, no seu centro, a comunidade galega expatriada também se organiza hoje, como noutra época figérom os grupos Brais Pinto ou Lostrego. A nova aposta é Fenda - Embaixada Popular Galega, e para saber mais dela falamos com dous dos seus membros: Sara Murados e Júlio Conde

O vosso coletivo constituiu-se há pouco mais de dous anos em Madrid. Com que fins e objetivos?

Os nossos objetivos poderíamos agrupá-los em três grandes áreas.

Por umha banda, nascemos com um objetivo bastante ambicioso: o de organizar a comunidade galega em Madrid, para trabalhar com perspectiva política e tentando contribuir desde a diáspora a fazer de Galiza umha sociedade mais justa. Isto fundamentalmente nos diferencia da maioria de coletivos organizados de galegos, meramente folclóricos, ou incluso, convertidos em negócios como o 'Centro Gallego de Madrid'. Vemos necessário organizar-nos e continuar com o trabalho histórico que iniciou o grupo Brais Pinto e continuou posteriormente Lostrego-Irmandade Galega, e que por desgraça, nom tivo continuidade temporal desde o início do novo milénio.

Por outra banda, ambicionamos espalhar a realidade galega em Madrid, tentando superar os tópicos que a sociedade madrilenha tem das galegas, mostrando a realidade que nom chega desde os meios de comunicaçom tradicionais: a de um povo combativo e orgulhoso de si próprio.

E por último, também gostaríamos de fazer de ponte entre Galiza e Madrid acolhendo atividades culturais do país. Já que estamos inseridas numha pequena rede de contatos em Madrid, podemos dar acobilho à gente da cultura galega que esteja interessada em fazer atos em Madrid. Ademais, tentamos também criar umha espécie de 'agenda cultural galega' em Madrid, dando publicidade entre a comunidade galega — e nom galega — de Madrid para contribuir ao bom sucesso dos atos dos nossos compatriotas.

Que tipo de atividades desenvolvestes neste tempo?

Tentamos combinar atividades divulgativas sobre a realidade galega, formativas e, por suposto, também lúdicas! Deste jeito, durante estes dous anos tivemos apresentaçons de livros de ámbitos diversos como história ou política, organizando atos com autores como Carlos Taibo ou Uxio-Breogán Dieguez.

Dado que também participamos como coletivo no centro social autogestionado 3peces3, no bairro de Lavapiés, de forma periódica também projetamos filmes e documentários galegos. Tentamos escolher temáticas que, bem por atualidade ou por impacto, espertem interesse nesse momento. Temos organizado atos com visionados sobre a vaga de lumes, sobre as problemáticas da emigraçom, a história do nosso país ou ao redor da rea-

Ambicionamos espalhar a realidade galega em Madrid, mostrando um povo combativo e orgulhoso de si próprio

lidade nacional galega. Tivemos também encontros com personalidades da cultura galega, como Sés ou Margarida Ledo, com boa assistência.

Também é certo que as nossas festas estám começando a ter certa a sona no bairro de Lavapiés! Normalmente organizamo-las em datas assinaladas como o Magusto ou o Dia das Letras Galegas, sempre com a intençom de que tenham também umha importante carga reivindicativa. Por exemplo, o dia das letras aproveitamos para mostrar a problemática e a realidade social da nossa língua, mentres que no magusto aproveitamos para informar da situaçom dos nossos bosques e o nosso meio natural.

A presença organizada da emigraçom galega associa-se polo geral aos "centros galegos" e estruturas similares. Que papel jogam este tipo de instituiçons e em que vos diferenciardes delas?

lNa cidade de Madrid polo geral oferecem unicamente umha visom meramente folclórica de Galiza e som puras estruturas de poder com interesses políticos ou económicos. Fora da própria Madrid, nas cidades metropolitanas, também é certo que si existem vários centros galegos nos que a assistência é algo numerosa e de caráter popular. Mas som contados os eventos organizados por estes centros que vaiam mais aló da música tradicional ou das citas gastronômicas.

A nossa organizaçom nom está vinculada a nengumha organizaçom política, ainda que algumhas de nós somos militantes de diferentes organizaçons. Ademais somos um coletivo assemblear e absolutamente horizontal, e, por riba de todo, a nossa finalidade é a de mostrar a sociedade galega combativa e com afám transformador. E todo isto tentamos que se veja refletido na nossa atividade.

Qual é a vossa relaçom co tecido social da cidade?

Tentamos participar de iniciativas de outros coletivos de expatriadas na cidade a fim de abrir canles de comunicaçom com outros povos do mundo. Mais dentro das nossas possibilidades também formamos parte de plataformas que se identificam com os nossos valores: da esquerda, o feminismo, o ecologismo e o combate a toda forma de opressom ou discriminaçom.

Em geral, a aceitaçom do nosso coletivo por parte doutros coletivos em Madrid é mui boa. Ainda que também tenhamos detectado um grande desconhecimento da realidade social do nosso país e, em geral, do resto de povos do estado. Neste senso, é certo que o tecido associativo de Madrid também se vê como 'capital' e como a vanguarda em qualquer tipo de loita, que lhes atinja territorialmente ou nom. Fica trabalho pendente pola nossa banda no espalhamento da imagem da Galiza combativa e orgulhosa de si mesma; e também pedagógico para que, na medida das nossas possibilidades, podamos fazer compreender que Madrid nom tem que ser a vanguarda de nengumha luita simplesmente porque seja o centro do poder político do estado, algo que achamos que é essencial em coletivos que podem ser afins ou solidários com as nossas luitas. Tentaremos que com o trabalho de Fenda isto vaia mudando algo!

Qual é a realidade e as principais problemáticas que afetam a emigraçom galega numha cidade como Madrid? Vedes diferenças entre o perfil atual da diáspora galega e o de décadas passadas?

No fundo non há tanta diferença, mais sim nas formas. Querem vendernos umha 'mobilidade' que nom tem causas políticas, mas os problemas de fundo seguem a ser os mesmos. O nosso país segue a estar empobrecido e cada vez mais desabitado.

O que sim detectamos é que, em geral, a gente pode que esteja menos organizada e mobilizada, algo que podemos dizer que é comum no tempo no que vivemos, no que em geral a vida em comunidade é mais limitada. Mais o que sim que pode ser certo é que entre a mocidade galega, está a se sentir mais identificada com a 'cultura espanhola' devido a cada vez mais preocupante fenda da transmissom do nosso idioma ou que as alternativas de ócio sejam exclusivamente em espanhol. Em consequência, cremos que pode contribuir a um menor interesse por se organizar num coletivo que promove a realidade nacional galega como diferente da espanhola. Ainda que, por sorte, às vezes também ocorre ao contrário e algumha gente começa a sentir real a diferença quando está fora do país! ■

RECOMENDAMOS

NOVA WEB DE MAR DE LUMES
www.mardelumes.org

O Comité Galego de Solidariedade Mar de Lumes fai este ano o seu quinto aniversario e para celebralo, alén dun intenso programa de actividades centrado no mes de maio e xuño, reformou a súa web, que gaña un novo visual máis atractivo e interactivo e novos espazos para a análise da situación internacional. Mar de Lumes continúa así coa súa actividade centrada na denuncia do imperialismo en todas as súas formas, no apoio aos procesos de autodeterminación e emancipación nacional dos pobos sen Estado e de explicación, fora das nosas fronteiras, do conflito nacional galego.

TRINTA ANOS DE ESCÓRPIO

Hai 30 anos saía do prelo Scórpio, o romance do lingüista Ricardo Carvalho Calero, do que a RAG continúa a prescindir temerariamente. Este bildungsroman repasa a vida da Galiza desde a década de 1910 en diante a través da história daquel rapaz que crece no bairro do Ferrol Vello, que estuda en Compostela nos anos da República, que se converte en poeta e que acabará convertido en capitán contra o levante fascista do franquismo. Scórpio conta, por fin, con nova edición da Através Editora e un book-trailer da Illa Bufarda: https://vimeo.com/238363568

DEIXAAS

Mercedes Peón — é sabido — é unha das referencias básicas da música galega contemporánea. Éo tamén, no plano internacional, dese xénero que desde a década de 1960 se coñece como world music e que repousa propositadamente nas raíces da música e da danza populares de cada unha das nacións do mundo. Este 2018, Peón continúa a expandir o universo experimental con esa base dos traballos anteriores como SÓS ou Sihá en forma de novo disco, Deixaas. Podes ver unha mostra no videoclip, coa participación de Ana Fernández e Mónica de Nut aquí: https://youtu.be/iWIe7uyi24o

A GALIZA CONTRA O CLIXÉ



Durante os anos da ditadura foi forxada unha imaxe estereotipada da Galiza que descansaba no folclorismo, na melancolía, na néboa, no misterio, etc. Era a Galiza do NO-DO e a da propaganda. A ese país chegou en 1956 o fotógrafo catalán Francesc Català-Roca, cun encargo do Ministerio de Turismo para continuar a reproducir o estereótipo. De aí xurdiron novas viaxes, vinte anos de traballos que percorren 28 vilas galegas e cuxo resultado subverte a liña que o poder procuraba. Agora, unha mostra dese traballo pode ser vista no Auditorio de Galiza baixo o título Turismo e fotografía. Català-Roca en Galiza. 1956-1976, até 7 de Outubro.

Edra
Café - Bar
Pza. dos Pescadores
CASCO VELLO
VIGO

newroz
döner kebap
especialidade en **comida kurda**
Locais en Compostela e A Coruña

A PULGA
Teófilo
Llorente
59
VIGO

FERRY
Chao 13
Casco Vello
Vigo

Taberna
"A Pedra"
Rúa Cesteiros, 2
Casco Vello - Vigo
986 43 86 92

libraria
couceiro
Praza de Cervantes · Compostela

16 o·dezaseis
• Casa de Xantar •
Rúa de San Pedro,16
Teléfonos 981 56 48 80 · 981 57 76 33
15703 Compostela

librouro
Rúa Eduardo Iglesias, 12 · VIGO

LIBRARÍA CARTABÓN
URZAIZ, 125 · 36205 VIGO
Tel.: 986 37 28 83
www.librariacartabon.com
www.cartabonebook.com

BABIECA
RADICAL SHOP
Rúa Truinfo, 2
VIGO
986435497
info@babieca.net
www.babieca.net

A·FOVCE
BODEGÓN
Rúa Ramón Montenegro nº2
LUGO

ALUYA
Bar Faluya
r/Orzan,75. A Coruña

escribir desde un lugar
ten que ser algo parecido a alimentarse

a cobiza do principio dos poemas
é comezar sempre con nós
e nunca soubemos de nós
(eu nunca souben quen é nós)

eu xantando soa
quen era ese nós

nós de esquina esquerda
nós escravas
nós de beira, fraga, océano
nós inconsolábeis
nós de no bico un cantar
nós curuxas
nós morenas
nós rebeldes
nós de mans de lume
nós de contos de lareira
nós nosoutras
nosoutrísimas

nós estirpe

ou nós - eles
nós - outros *?*

pero escribir desde un lugar
é algo parecido ao comezo dos poemas

a certeza de saberse entullo
saber que nós é berregar desde os cascotes
saber da rebeldía e do silencio e da vinganza

escribir desde un lugar
é saber que nós es ti
que me ollas desde a fiestra do papel

estrema
vermellísima
anoxada
interrogante

coma min

e menos mal

Arancha Nogueira